

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de ABRIL de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de abril de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 3/12, do 10 de abril.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.701 á nº 6.500, de 2012.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

3.-Ratificar a solicitude á Xunta de Galicia de declaración de “Urxente ocupación” dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras contidas no proxecto travesía e seguridade viaria na EP 4803 Miño a Pontedeume PK 3+800 ao 7+100 e do 10+250 ao 10+750 (do PK 3+800 ao 7+100) (Pontedeume) incluído no Plan de travesías 2006. Código da obra: 06.1130.0001.0.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

4.-Aprobar a ampliación dos prazos do Programa de modernización dos mercados locais 2010-2012.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

5.-Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2012.

6.-Aprobar a anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC).

7.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo cofinanciado con fondos Feder.

8.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Centro social Folgoso” do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS-RVL) 2008. Código: 08.2100.0001.0.

9.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Obras de reparación do edificio municipal situado na rúa do Río 29” do Concello de Oleiros, incluída no Plan de reinvestimento de remanentes do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento

dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), anualidade 2011. Código 2011.3270.0157.0.

10.-Aprobación provisional do convenio marco no que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de, para regular a comunidade intermunicipal.... de servizos públicos asociados.

11.-Informe sobre a disolución da mancomunidade de municipios da área da Coruña.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

12.-Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 2/2012.

13.-Aprobar o expediente de modificación das previsións de ingresos nº 2/2012.

14.-Conta integrada da xestión recadatoria relativa aos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2011.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

15.-Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución de acondicionamento interior do edificio para implantación de mercado provisional.

16.-Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios a xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

17.-Proposta da Presidencia sobre a renuncia ao cargo de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN:

Moción para o mantemento do servizo de axuda no fogar

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE ABRIL DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de abril de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/12, DO 10 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/12, do 10 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 4.701 Á Nº 6.500, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 4.701 á nº 6.500, de 2012.

3.-RATIFICAR A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE “URXENTE OCUPACIÓN” DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO TRAVESÍA E SEGURIDADE VIARIA NA EP 4803 MIÑO A PONTEDEUME PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (DO PK 3+800 AO 7+100) (PONTEDEUME) INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2006. CÓDIGO DA OBRA: 06.1130.0001.0.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Esta estrada foi aprobada no Pleno do 29 de setembro do ano 2006. No Pleno do 28 de xuño do ano 2007 desestimáronse as alegacións e acordouse pedir a urxente ocupación á Xunta de Galicia, pasaron seis anos, a estrada está sen iniciar e o diñeiro, desde hai seis anos, está a producir xuros para a deputación nunha conta bancaria, pero esa non é a finalidade dos fondos públicos, estar nunha conta bancaria rendendo xuros. É unha estrada que carece de beiravías, de sendas ou beirarrúas, por onde transitan en condicións de inseguridade moitos peóns. Hai numerosas vivendas, é unha estrada costeira, e fanse permanentes desprazamentos a pé, fundamentalmente no verán, e hai unha intensidade media de vehículos de 2.562 vehículos/día, dos cales 135 son pesados, e este tráfico incrementase, loxicamente, na

época do verán. Eu quixera, por unha banda, felicitar neste punto á Asociación de Veciños de Boebre, porque foron os que mantiveron o interese porque esta obra se fixese, foron os que conseguiron a dispoñibilidade dos terreos que tería que facer o concello, e o concello estivo a demorar durante anos unha aclaración que pedían desde a Xunta, que era aclarar a natureza xurídica de dúas parcelas e no caso de que fosen de dominio público, que tiñan que certificar que estaban desafectadas.

Hai a confluencia de dous factores nesta demora, por unha banda a competencia da Xunta de Galicia sobre as cuestións de urxente ocupación, e por outra banda o desinterese do Concello de Pontedeume porque esta obra se realizase. Felicito á Asociación de Veciños de Boebre e fágolle un rogo ao presidente, que tente conseguir algo que eu tentei e fracasei, que a Xunta delegue, polo menos nas deputacións provinciais, a competencia da tramitación da urxente ocupación porque é un trámite burocrático nada máis. A deputación ten funcionarios cualificados, leva moitos anos facendo expropiacións, e vela polos dereitos dos cidadáns expropiados. É un trámite que se residise na deputación poderíamos acelerar os investimentos moito máis, porque isto non é un caso illado, hai casos de dous, tres e catro anos de demoras na declaración de urxente ocupación, e non ten sentido ter o proxecto aprobado, ter o diñeiro no banco e ter a obra parada por un trámite burocrático.

Por tanto, Sr. Presidente, o Grupo Socialista pídelles que fale co goberno da Xunta de Galicia para que estuden a posibilidade de que esta competencia se transfira á deputación e aos grandes concellos, que teñen medios xurídicos e persoais para facer un expediente de expropiación, respectando os dereitos de todas as persoas que son obxecto de expropiación e, doutra banda, anunciar como non podía ser doutra forma, que o voto do grupo socialista vai ser favorable. Moitas grazas.

Sr. Freire Abeijón

Grazas, Sr. Presidente, Sres. Deputados. Coincidimos co criterio exposto polo portavoz do Grupo Socialista en que non é unha situación illada neste expediente, senón que son varios máis os que se atopan ou atoparon no seu momento nesta circunstancia e isto, como ben dicía o portavoz, produciuse tanto con este goberno como co anterior, o razoable e o lóxico sería conseguir esa transferencia, pero temos que salientar que non é unha circunstancia imputable á actual Xunta de Galicia, senón que é unha responsabilidade compartida tamén por outros gobernos anteriores.

Sr. Presidente

Moitas grazas, simplemente dicir que se isto nestes meses sae adiante, tamén é pola preocupación constante que o alcalde de Pontedeume e a súa Corporación estivo preocupado porque puidese saír adiante, e a través desas modificacións e esa identificación de dous terreos, afortunadamente conseguimos isto, e que unha obra do ano 2006 puidese levarse a cabo. E é certo que disto falaremos noutros puntos porque convidaremos a unha reflexión a todos os que estamos aquí, a todos os representantes

dos grupos que son, en gran parte, alcaldes, para evitar que ás veces os proxectos que desde un concello se propón á deputación, pasen anos e anos á espera de obter algún permiso ou algún tipo de papel que lles falta para poder ser licitados, pero iso será, como dicíamos, noutro punto.

Así que pasamos a ratificar este punto.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar novamente a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto TRAVESIA E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4803 MIÑO A PONTEDEUME DO PK 3+800 AO 7+100 E DO 10+250 AO 10+750 (PONTEDEUME) (0611300001.0) (CÓDIGO DE PROXECTO DE GASTOS 2006.3.83000.002), tendo en conta, tal e como se indica no informe emitido polo Servizo de Vías e Obras do 12-3-2008, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

- Actualmente a estrada DP 4803 no tramo obxecto de obras, ten unha calzada estreita de ancho medio próximo aos 6 m, carece de beiravías e de sendas ou beirarrúas por onde poidan transitar nas debidas condicións de seguridade os peóns.
- As zonas obxecto do proxecto corresponden a zonas con existencia de numerosas vivendas, nunha zona de costeira, onde son frecuentes os desprazamentos a pé, especialmente na época estival.
- Segundo os datos de aforamentos realizados recentemente, a intensidade media diaria da devandita estrada é de 2.562 vehículos/día, cunha media de 135 de vehículos pesados/día e con intensidades horarias de ata 200 vehículos/hora. O devandito tráfico incrementase na tempada de verán e fai que sexa especialmente perigosa a circulación a pé polas marxes da estrada, ao ser o ancho de calzada tan estreito, ao non existir nin beiravías nin zonas habilitadas para ese efecto.
- As obras proxectadas consisten na ampliación da estrada, ata un ancho de calzada duns sete metros e na creación de beirarrúas que posibiliten a circulación segura dos peóns.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

4.-APROBAR A AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS 2010-2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais, dirixido ós concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar, cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordos plenarios do 26 de marzo do 2010, 24 de setembro de 2010 e 25 de novembro de 2011.

Analizada a base sétima da convocatoria que literalmente estableceu o seguinte:

“A contratación das obras da anualidade 2010 farana os respectivos concellos por delegación da Deputación, e deberán realizala antes do día 30 de marzo do 2011. A contratación das restantes anualidades será realizada antes do 30 de novembro de cada exercicio. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante Resolución de Presidencia, logo da solicitude motivada do concello” .

Analizado o punto quinto do acordo do Pleno da Deputación, adoptado na sesión celebrada o 25 de novembro de 2011, no que quedou prorrogado o prazo establecido para que os concellos xustifiquen a contratación das obras do programa de acordo co seguinte teor literal:

“5º Establecer que o prazo a que fai referencia a base sétima das de convocatoria do programa , para xustificar ante a Deputación a contratación dos investimentos, finalizará o 30 de abril de 2012. Polo tanto, os concellos incluídos nas dúas fases do programa deberán xustificar a contratación dos investimentos ante a Deputación na data indicada.”

Analizado o acordo adoptado polo Pleno na sesión de 25 de novembro de 2011 que literalmente modifica o segundo parágrafo da base 8ª do programa no seguinte sentido:

“As obras e actuacións dos investimentos deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 30 de novembro de 2012. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar prórroga para o seu remate”.

1º. Modificar a base sétima das bases do programa, para establecer novos prazos da contratación e execución, das obras da 1ª e 2ª fases da anualidade 2010-2011 do programa.

2º Os prazos establecidos no presente acordo para contratar as obras finalizarán nas seguintes datas:

Obras das fases 1ª e 2ª das anualidades 2010-2011.....31 de xullo de 2012.

3º Os prazos establecidos no presente acordo para xustificar a execución das obras finalizarán nas seguintes datas:

Obras das fases 1ª e 2ª das anualidades 2010-2011.....30 de marzo de 2013.

4º Modificar os prazos aos que deberán someterse os trámites de xustificación ante a Deputación da contratación e execución das obras da 3º fase da anualidade 2010-2011 e das da anualidade 2012 do programa, pendentes de aprobar na data de hoxe.

O prazo establecido no presente acordo para xustificar a contratación das obras da 3ª fase da anualidade 2010-2011 e os da anualidade 2012 será de seis meses contados desde a aprobación polo Pleno da Deputación da incorporación da obra ao programa. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5º Facultar á Presidencia para canto proceda en relación á xestión do presente acordo.

6º O presente acordo queda condicionado á definitiva entrada en vigor dos expedientes de modificación de créditos a adoptar pola Deputación provincial nos que queden consignado o crédito adecuado e suficiente con que facer fronte ás achegas provinciais previstas nas fases do programa pendentes de aprobar.”

5.-APROBAR O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2012.

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Vostedes son coñecedores de que hai uns días recibimos a comunicación de que a achega que estaba prevista por parte do Estado para contribuír ao financiamento deste Plan de obras e servizos do exercicio 2012 non se ía materializar nos termos que estaban previstos inicialmente no momento de execución e elaboración do orzamento. Á Deputación da Coruña, ao grupo de goberno presentábaselle un importante inconveniente e tocaba tomar a decisión de que xeito se facían os axustes para facer posible que os 94 concellos da provincia non quedasen total ou parcialmente privados deste programa. Despois de valorar distintas posibilidades, e algunhas delas son

coñecidas polos representantes de todos os grupos aquí presentes, fundamentalmente posibilidades como poderían ser, ou aumentar a participación no financiamento por parte dos distintos concellos, ou tamén a posibilidade de privar deste programa a aqueles concellos de maior entidade de poboación da provincia, loxicamente ás tres grandes cidades, concellos como Carballo, Oleiros, Narón ou mesmo, en parte, Arteixo, veríanse claramente afectados e prexudicados de tomar unha decisión doutro tipo. Finalmente optouse pola solución que consideramos que ten un criterio de repartición máis obxectiva, dado que optar por este sistema no que a Deputación, unha vez máis, fai unha importante aposta investidora, utiliza máis de tres millóns de euros do seu remanente de tesourería para poder financiar e asumir esa diminución que se produce por parte da achega do Estado, e ao mesmo tempo, unha vez máis, pon de manifesto a utilidade deste ente provincial, sobre todo nun momento onde os concellos estarían nunha situación comprometida, dado que unha parte importante dos concellos da provincia ademais recorreron á posibilidade de utilizar parte deste plan para gasto corrente. Eu creo que é salientable que, desde o goberno da deputación, e supoño que co consenso tamén dos demais grupos, se chegase a tomar esta medida e de tal forma preservar as contías que estaban orientadas a cada un deses concellos. E algo parecido pasa tamén co Plan de cooperación, onde, efectivamente, faise unha aposta investidora nun programa que procede de anualidades anteriores e onde, como ben explicaba o presidente, o razoable sería tentar acoutar e cumprir un pouco máis o principio de anualidade en todos aqueles programas que sexa posible e creo que, tal e como explicaba o presidente, é necesario abrir ese debate para tentar que estes programas se executen nun prazo máis reducido. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Non pensaba intervir neste punto, pero a intervención do portavoz do Grupo Popular motiva a miña intervención. Quixéramos deixar constancia da sorpresa de que, por primeira vez na historia da democracia española, ata que eu recordo, o goberno de España desenténdese da competencia nuclear das deputacións, que é a cooperación, desenténdese en contradición co que está a expresar todos os días de potenciación das deputacións. A competencia nuclear, o que xustifica a existencia das deputacións é a cooperación, fundamentalmente cos pequenos municipios. E a cooperación plásmase nesta deputación en máis plans, pero noutras deputacións plásmase única e exclusivamente a través do Plan de obras e servizos e xustamente o goberno da nación este ano suprime as achegas do Ministerio de Administracións Públicas para financiar o Plan de obras e servizos da Deputación.

Doutra banda, queremos resaltar e recoñecer que na nosa opinión o Grupo Popular, o goberno provincial, tomou a decisión que nos parece adecuada, financiar con fondos propios o POS, tal e como se lle anunciou a todos os concellos da provincia, e tal como os concellos da provincia recolleron nos seus folletos, creo que de todas as opcións que había, sen dúbida, é a mellor opción, calquera outra suporía un conflito cos concellos e, indubidablemente, isto sacrifica o remanente de libre disposición que temos, pero ben, se o remanente de libre disposición ía estar destinado aos concellos,

estes 3.023.778 euros que deixou de chegar o Goberno de España, achégaos a Deputación nun claro compromiso cos concellos da provincia.

Sr. Regueira Varela

Coincido totalmente, o grupo coincide totalmente coa intervención que acaba de facer o portavoz do PSOE, agradecemos esta crítica suave do portavoz do Partido Popular ao Goberno do Estado, porque non deixa de ser unha crítica suave, é a primeira vez na historia, xa o dicía o portavoz do PSOE que o Estado español se desentende da cooperación cos concellos e das achegas que teñen que facer as deputacións no Plan de obras e servizos. Resumindo, a intervención do portavoz do Partido Popular pódese resumir en que imos ter 3 millóns menos de investimento noutros programas por parte da Deputación, que se van investir no POS, que coincidimos tamén en que é unha decisión adecuada e felicitámolo pola decisión, pero isto non deixa de ser máis que unha redución de 3 millóns de euros das achegas previstas pola Deputación para os concellos da provincia da Coruña.

Sr. Freire Abeijón

Matizar que, loxicamente, o Goberno do Estado cando toma unha medida deste tipo, imaxino que é como consecuencia dunha situación herdada a nivel económico que fai imposible que se poida contribuír con esa achega económica, ou dificulta, claramente, e estaríamos novamente nunha situación de establecer cales son as prioridades por parte dos investimentos deste ente estatal. Eu creo que, non pretendo facer unha crítica nin suave, nin máis intensa, o que pretendo é expor a situación que se nos expuxo hai uns días e que supomos que se desde o Estado tomaron unha medida deste estilo era porque a situación financeira non permitía garantir esa achega.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero antes cabe lembrar a todos os portavoces e deputados que os Orzamentos Xerais do Estado están en trámite nestes momentos e, por tanto, poden sufrir alteracións. O que facemos hoxe na Deputación é non demorar a capacidade que teñen os concellos para contratar as obras do POS, porque como saben vostedes, mellorca min, esas obras, ou a maior parte delas, aprovéitanse os meses de verán e estes meses para poder levalas a cabo. Se demoramos, ou mantemos esa incógnita dos Orzamentos Xerais do Estado, o que estamos é prexudicando aos nosos concellos, en todo caso, se o Estado no seu momento, a través dos Orzamentos Xerais do Estado, nos financia esa parte, non se preocupe, que serán destinados a novos programas por parte desta Deputación, pero o que estamos a facer é facilitar o traballo a todos os 94 concellos da provincia da Coruña, aos que vai dedicado este plan. Así que pasamos a sometelo a votación.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión

“Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión que tivo lugar o 30 de setembro de 2011 e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 191 do 5 de outubro de 2011

Vistos os proxectos e demais documentación relativos á anualidade 2012 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron presentados polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en outubro de 2011.

E tendo en conta o establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, así como a Orde de 31 de xaneiro de 2006 de desenvolvemento e aplicación do citado Real decreto.

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) do ano 2012, cuxo resumo de cifras globais dos dous apartados en que se estrutura é o que se indica a continuación, e cuxa relación de actuacións figura no [anexo I](#) (POS - obras de investimento) e [anexo II](#) (POS - gastos correntes) a este acordo.

		POS 2012		
		FINANCIAMENTO DO PLAN		
SECCIÓN	PARTIDA	DEP.-F. P.	CONCELLO	TOTAL
POS- obras de investimento	0501 / 459A / 76201	15.456.660,99	1.269.731,02	16.726.392,01
POS- gastos correntes	0501 / 459A/ 46201	8.743.201,87	0,00	8.743.201,87
	TOTAIS	24.199.862,86	1.269.731,02	25.469.593,88

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor dos expedientes de modificación de créditos 1/2012 e 2/2012 de ingresos nos que se inclúe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a este plan.

2.- Aprobar os proxectos das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento. No entanto, a aprobación definitiva das obras que no anexo I teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo I.

3.- Aprobar o Plan complementario ao apartado POS - obras de investimento, no que se inclúen as obras que se detallan no [anexo III](#) a este acordo. Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo aos remanentes que se puidesen xerar por anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

Aprobar, así mesmo, os proxectos das obras incluídas no Plan complementario. No entanto, a aprobación definitiva das obras que o anexo III teñen indicada unha condición suspensiva, queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado anexo III.

4.- A contratación das obras incluídas no apartado POS - obras de investimento realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que optaron por destinar unha parte da cantidade asignada no POS 2012 ao financiamento dos seus gastos correntes previstos para o exercicio 2012, cuxa relación e importe que se ha transferir figura no anexo II a este acordo.

O devandito pago realizarase con cargo á partida 0501/459A/46201, de acordo cos datos contables que figuran no informe de Intervención a este expediente.

6.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

7.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

8.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións.”

Anexo I:

Obras do POS - obras de investimento 2012

Concello	Código de obra	Denominación	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	12. 2100. 0001. 0.	Rede de saneamento en Outrás	34.909,21	2.094,55	37.003,76	Acreditación da obtención da autorización de Estradas da Xunta
	12. 2100. 0002. 0.	Humanización Praza de Adro e contorna	150.819,03	9.049,14	159.868,17	Acreditación da obtención da autorización do Mº de Fomento
						Acreditación da aprobación do PXOM
						Acreditación da obtención da autorización de D.X.Patrimonio
		TOTAL	185.728,24	11.143,69	196.871,93	
AMES	12. 2100. 0003. 0.	Sust.colector san. en R/Alcalde Lorenzo	148.466,26	7.978,69	156.444,95	
	12. 2100. 0004. 0.	Abastecemento de auga en A Barouta	78.345,88	4.210,37	82.556,25	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
						Acreditación da obtención da autorización de Estradas da Xunta
		TOTAL	226.812,14	12.189,06	239.001,20	
ARANGA	12. 2100. 0005. 0.	Pav.de rúas. prrqs. de Muniferral e Feas	48.659,42	2.561,03	51.220,45	
	12. 2100. 0006. 0.	Pav.de rúas na parroquia de Cambas	38.101,46	2.005,34	40.106,80	
	12. 2100. 0007. 0.	Pav.de rúas en parrq. de Vilarraso	42.796,16	2.252,43	45.048,59	
	12. 2100. 0008. 0.	Pav.de rúas prrqs. Aranga e Fervezas	50.852,44	2.676,45	53.528,89	
	12. 2100. 0009. 0.	Mellora rede ab.mpal.prrq.Muniferral e V.	29.823,34	1.569,66	31.393,00	Acreditación da obtención da autorización de Estradas da Xunta
						Acreditación da obtención da autorización do Mº de Fomento
		TOTAL	210.232,82	11.064,91	221.297,73	
ARES	12. 2100. 0010. 0.	Rep.mant.,mell.vías Barracido (Caamouco)	29.663,08	1.561,22	31.224,30	
	12. 2100. 0011. 0.	Renov.rede abast.auga potable Os Castros	31.233,80	1.643,89	32.877,69	
		TOTAL	60.896,88	3.205,11	64.101,99	
ARTEIXO	12. 2100. 0012. 0.	Pluv.e san.Foxo,Casaldegas,Frión e ou.	102.429,68	8.329,86	110.759,54	
	12. 2100. 0013. 0.	Saneamento rúa Liñares - Uxes	59.892,76	4.898,20	64.790,96	
	12. 2100. 0014. 0.	Saneamento en A Xesteira - Uxes	99.384,08	8.290,98	107.675,06	
	12. 2100. 0015. 0.	Saneamento en Armentón - Arteixo	74.652,02	6.227,74	80.879,76	
	12. 2100. 0016. 0.	Ampliación saneam. parroquia Barrañán	92.292,23	7.699,35	99.991,58	

	12. 2100. 0017. 0.	Abast. en Larín, Piñeiro, Groba e Igrexario	105.222,00	8.778,00	114.000,00	
		TOTAL	533.872,77	44.224,13	578.096,90	
ARZÚA	12. 2100. 0018. 0.	Pav.contorna Igrexa de Burres e outros.	86.027,89	4.527,79	90.555,68	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio
	12. 2100. 0019. 0.	Camiño en Río (Castañeda) e outros.	73.178,69	3.851,51	77.030,20	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio
	12. 2100. 0020. 0.	Acad. camiño en Río Vello e outro.	78.375,02	4.125,01	82.500,03	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio
	12. 2100. 0021. 0.	Saneamento en Boente	46.184,80	2.430,78	48.615,58	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio
		TOTAL	283.766,40	14.935,09	298.701,49	
A BAÑA	12. 2100. 0022. 0.	Paviment. Corneira, Seoane e San Cibrán	45.705,70	2.405,57	48.111,27	
	12. 2100. 0023. 0.	Paviment. Troitosende, Cabanas e Monte	38.869,32	2.045,76	40.915,08	
	12. 2100. 0024. 0.	Pav. S.Vicente, Marcelle, Barro e Lañas	40.675,05	2.140,80	42.815,85	
		TOTAL	125.250,07	6.592,13	131.842,20	
BERGONDO	12. 2100. 0025. 0.	Mellora abastecemento Riomaior e Sanín	76.441,47	11.810,00	88.251,47	
		TOTAL	76.441,47	11.810,00	88.251,47	
BETANZOS	12. 2100. 0026. 0.	Pav.e renov. serv. R/ Porta do Hórreo	64.676,92	3.404,05	68.080,97	Acreditación da dación de conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía
	12. 2100. 0027. 0.	Acad.e pav.acc.S.Martín de Tiobre e outros	47.848,03	2.518,32	50.366,35	Acreditación da dación de conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía
	12. 2100. 0028. 0.	Acad.e pav.acc.Santiago de Requián e ou.	54.746,56	2.881,40	57.627,96	Acreditación da dación de conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía
		TOTAL	167.271,51	8.803,77	176.075,28	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio
BOIMORTO	12. 2100. 0029. 0.	Mell.drenaxe Aquelavila,Souto,Cabana e ou.	38.594,53	2.089,65	40.684,18	
	12. 2100. 0030. 0.	Mellora drenaxe Vilanova,Sixto,Piñeiro e ou.	39.994,93	2.165,47	42.160,40	
		TOTAL	78.589,46	4.255,12	82.844,58	
BOIRO	12. 2100. 0031. 0.	Pavimento en Corbiño e Cadarnoxo	55.589,11	4.409,64	59.998,75	
	12. 2100. 0032. 0.	Pavimento en Vista Alegre e Mañóns	55.539,31	4.405,70	59.945,01	
	12. 2100. 0033. 0.	Pav. en Monte do Sino, Estatuto e Brión	53.976,71	4.281,74	58.258,45	
	12. 2100. 0034. 0.	Pav. en Petón, Balaño, A Graña e Ameán	53.637,23	4.254,81	57.892,04	
	12. 2100. 0035. 0.	Pav. en Barraña, Rexidor e Mosqueira	52.991,71	4.203,61	57.195,32	
	12. 2100. 0036. 0.	Pav. en Boiro de Arriba e Escarabote	51.972,64	4.122,77	56.095,41	

	12. 2100. 0037. 0.	Pavimento en Charola (Cespón)	50.953,56	4.041,93	54.995,49	
		TOTAL	374.660,27	29.720,20	404.380,47	
BOQUEIXÓN	12. 2100. 0038. 0.	Camiño Igrexa Lamas-Casal-Espiñeira e ou.	50.332,98	2.649,11	52.982,09	
	12. 2100. 0039. 0.	Cm.campo festas Oural-cruce Castro e ou.	35.758,19	1.882,02	37.640,21	
		TOTAL	86.091,17	4.531,13	90.622,30	
BRIÓN	12. 2100. 0040. 0.	Mant. Estr..Outeiro, Vilanova, Estrar e ou.	71.847,28	5.407,87	77.255,15	
	12. 2100. 0041. 0.	Mant. beirarrúas Bastavales e Os Ánxeles	21.805,78	12.536,54	34.342,32	
		TOTAL	93.653,06	17.944,41	111.597,47	
CABANA DE B.	12. 2100. 0042. 0.	Mell.capa rodadura en Bello e Borneiro	78.741,63	4.144,30	82.885,93	
	12. 2100. 0043. 0.	Rep.estr. A Balsa,Balsa-Iñaio,Bronllo e ou.	89.310,98	4.700,58	94.011,56	
		TOTAL	168.052,61	8.844,88	176.897,49	
CABANAS	12. 2100. 0044. 0.	Pavimentación vial entre Porcar e Rivas	76.200,83	4.015,52	80.216,35	
		TOTAL	76.200,83	4.015,52	80.216,35	
CAMARIÑAS	12. 2100. 0045. 0.	Pav.de pista á Igrexa de Xaviña	71.816,64	3.779,84	75.596,48	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	71.816,64	3.779,84	75.596,48	
CAMBRE	12. 2100. 0046. 0.	Renov.serv.auga en Agra do Mero	188.490,30	10.000,00	198.490,30	Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio Acreditación da obtención da autorización do Mº de Fomento Acreditación da obtención da autorización de ADIF Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Acreditación da obtención da autorización de Estradas da Xunta
		TOTAL	188.490,30	10.000,00	198.490,30	
CAPELA	12. 2100. 0047. 0.	Parque público nas Neves	85.500,00	4.500,00	90.000,00	
		TOTAL	85.500,00	4.500,00	90.000,00	
CARBALLO	12. 2100. 0048. 0.	Rede saneamento na parroquia de Rus	91.760,75	4.829,52	96.590,27	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0049. 0.	Rede saneamento na parroquia de Artes	64.897,03	3.415,64	68.312,67	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0050. 0.	Mell. cms.Goiáns,Oza,Lema,Rebordelos e ou.	109.091,16	5.741,65	114.832,81	
		TOTAL	265.748,94	13.986,81	279.735,75	

CARNOTA	12. 2100. 0051. 0.	Rede de saneamento en Millarzo - Lira	70.308,09	3.700,91	74.009,00	
		TOTAL	70.308,09	3.700,91	74.009,00	
CARRAL	12. 2100. 0052. 0.	Rep.e asf.cms.acc.Cota de Igual e outr.	74.536,37	3.922,97	78.459,34	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia Acreditación da obtención da autorización da D.X.Patrimonio Acreditación da obtención da autorización da Deputación provincial
		TOTAL	74.536,37	3.922,97	78.459,34	
CEDEIRA	12. 2100. 0053. 0.	Ref. firme e sinaliz. Paseo Magdalena	139.642,57	7.349,61	146.992,18	Acreditación da obtención da autorización D.X. de Sostibilidade Acreditación da obtención da autorización da S.X. Ordenación (Costas) Acreditación da obtención da autorización do Mº de Medio Ambiente Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	139.642,57	7.349,61	146.992,18	
CEE	12. 2100. 0054. 0.	Paviment. rúas interiores en Estorde	68.664,24	3.613,91	72.278,15	
	12. 2100. 0055. 0.	San.,asf.ac. Vilar de Toba e interior Brens	56.217,63	2.958,83	59.176,46	
		TOTAL	124.881,87	6.572,74	131.454,61	
CERCEDA	12. 2100. 0056. 0.	Cm. Portobrea-Astande do Medio e ou.	56.049,19	2.950,00	58.999,19	
	12. 2100. 0057. 0.	Pav. en Meirama (Encrobas) e outros	76.512,24	4.028,00	80.540,24	
		TOTAL	132.561,43	6.978,00	139.539,43	
CERDIDO	12. 2100. 0058. 0.	Cm.Cruz dos Novas a Pena Casavide e ou.	49.108,52	2.584,66	51.693,18	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0059. 0.	Cm.A Panceira-Cabanas (A Barqueira) e ou.	38.058,64	2.003,09	40.061,73	
		TOTAL	87.167,16	4.587,75	91.754,91	
CESURAS	12. 2100. 0060. 0.	Pav.Dordaño, Carres, Loureda e Bragade	41.683,00	2.193,85	43.876,85	
	12. 2100. 0061. 0.	Pav.cmns. en Borriñans e Trasanquelos	55.299,23	2.960,64	58.259,87	
		TOTAL	96.982,23	5.154,49	102.136,72	
COIRÓS	12. 2100. 0062. 0.	Mell. Ilumin.Colantres, Pedrapartida e ou.	56.987,62	3.000,00	59.987,62	
		TOTAL	56.987,62	3.000,00	59.987,62	

CORCUBIÓN	12. 2100. 0063. 0.	Mell. medioamb. trav. Avda. Constitución	43.680,97	11.692,58	55.373,55	
		TOTAL	43.680,97	11.692,58	55.373,55	
CORISTANCO	12. 2100. 0064. 0.	Traída augas Seavia, san.Verdes e outros	75.154,12	3.955,49	79.109,61	
	12. 2100. 0065. 0.	Mell. cms. en Cuns, Couso e Valencia	74.425,30	3.917,13	78.342,43	
	12. 2100. 0066. 0.	Mell. cms. en Castro, Ferreira e S.Paio	81.283,69	4.278,09	85.561,78	
		TOTAL	230.863,11	12.150,71	243.013,82	
CORUÑA (A)	12. 2100. 0067. 0.	Rede de saneamento separativo rúa Ginebra	167.994,35	73.103,90	241.098,25	
		TOTAL	167.994,35	73.103,90	241.098,25	
CULLEREDO	12. 2100. 0068. 0.	Pav.auga r/Mosteiro Sobrado,r/Laberinto	47.223,10	3.007,24	50.230,34	
	12. 2100. 0069. 0.	Pavimentación na r/Polvorín	72.768,30	4.634,01	77.402,31	
	12. 2100. 0070. 0.	Pav.Vinxeira Grande e Donepedre	50.772,27	3.233,26	54.005,53	
	12. 2100. 0071. 0.	Pav. e san.Os Condes e pav.Boedo	60.524,82	3.854,32	64.379,14	
	12. 2100. 0072. 0.	Pav.de Sésamo a Ledoño por Brimiáns	28.300,81	1.802,23	30.103,04	
	12. 2100. 0073. 0.	Rede de san.Orro,r/Joaquin Sorolla e ou.	56.405,38	3.591,99	59.997,37	
		TOTAL	315.994,68	20.123,05	336.117,73	
CURTIS	12. 2100. 0074. 0.	Pav.cmns. Fisteus, Foxado e Sta.Eulalia	91.411,62	4.811,15	96.222,77	
		TOTAL	91.411,62	4.811,15	96.222,77	
DODRO	12. 2100. 0075. 0.	Bombeo e san. en Tarrío e san. en Imo	47.626,50	2.506,66	50.133,16	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	47.626,50	2.506,66	50.133,16	
DUMBRIA	12. 2100. 0076. 0.	Pavimentación en Castelo (Ézaro)	71.416,69	4.558,51	75.975,20	
	12. 2100. 0077. 0.	Interior en Vilar (Buxantes) e outro	79.458,45	5.071,82	84.530,27	
		TOTAL	150.875,14	9.630,33	160.505,47	
FENE	12. 2100. 0078. 0.	Abast.,aglom.cm.Igrexa Vella (Maniños)	60.429,88	3.180,52	63.610,40	
	12. 2100. 0079. 0.	Pav.san.de bloque I a XII Avda.do Mar	55.353,53	2.913,35	58.266,88	
		TOTAL	115.783,41	6.093,87	121.877,28	
FERROL	12. 2100. 0080. 0.	Canaliz.,beir.e ilum. Estrada do Vilar	110.087,23	31.156,20	141.243,43	

	12. 2100. 0081. 0.	Rep.beir.,muro,limpeza,subministración S.Xurxo	35.384,38	10.014,26	45.398,64	
	12. 2100. 0082. 0.	Iluminación pública paseo de Doniños	70.749,08	20.022,96	90.772,04	Acreditación da obtención da autorización da C. de Medio Ambiente Acreditación da obtención da autorización de Costas
	12. 2100. 0083. 0.	Subst. rede auga Froitel, Castro e Petouto	52.050,22	14.730,92	66.781,14	
		TOTAL	268.270,91	75.924,34	344.195,25	
FISTERRA	12. 2100. 0084. 0.	Pavimentación vial S.Martiño de Arriba	30.348,64	4.469,75	34.818,39	
	12. 2100. 0085. 0.	Pavimentación vial Vilar de Duyo	37.313,92	4.469,75	41.783,67	
		TOTAL	67.662,56	8.939,50	76.602,06	
FRADES	12. 2100. 0086. 0.	Conserv.r.v.Abellá,Ledoira,Galegos,Vitre e ou.	60.393,03	3.178,59	63.571,62	
	12. 2100. 0087. 0.	Iluminación .Ledoira,Céltigos,Gafoi,Galegos e ou.	36.322,22	1.911,70	38.233,92	
		TOTAL	96.715,25	5.090,29	101.805,54	
IRIXOA	12. 2100. 0088. 0.	Enlace abastecemento Ambroa – Irixoa	38.150,00	2.053,59	40.203,59	
	12. 2100. 0089. 0.	Pav.en Ambroa,A Viña,Mántaras,Corouxou	46.450,00	2.490,00	48.940,00	
		TOTAL	84.600,00	4.543,59	89.143,59	
LAXE	12. 2100. 0090. 0.	Mell. infr. en Laxe,A Torre e Melgueiras	54.607,37	2.874,08	57.481,45	
		TOTAL	54.607,37	2.874,08	57.481,45	
LARACHA, A	12. 2100. 0091. 0.	Mell.firme e pluv.cms.Erboedo,Golmar e o.	70.482,51	4.015,49	74.498,00	
	12. 2100. 0092. 0.	Mell.firme e pluv.cms. en Soandres	68.573,29	3.906,71	72.480,00	
		TOTAL	139.055,80	7.922,20	146.978,00	
LOUSAME	12. 2100. 0093. 0.	Ampliación pavimentación v.p. en Fruíme	28.913,22	1.521,75	30.434,97	
	12. 2100. 0094. 0.	Ampliación saneamento en San Roquiño	29.582,10	1.556,96	31.139,06	
	12. 2100. 0095. 0.	Ampliación pavimentación Fontefría-Bargo	30.960,58	1.629,51	32.590,09	
		TOTAL	89.455,90	4.708,22	94.164,12	
MALPICA DE B.	12. 2100. 0096. 0.	Senda peonil e serv.ctr.a.AC-414 km.15	105.282,97	5.541,21	110.824,18	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
		TOTAL	105.282,97	5.541,21	110.824,18	

MAÑÓN	12. 2100. 0097. 0.	Lousado Centro de Saúde (O Barqueiro)	88.651,81	4.665,89	93.317,70	
	12. 2100. 0098. 0.	Camiño Penela (Grañas de Sor) e outros	52.251,96	2.750,11	55.002,07	
		TOTAL	140.903,77	7.416,00	148.319,77	
MAZARICOS	12. 2100. 0099. 0.	Af.cms.Chacín,Albores,Colúns,Arcos,Coiro	124.901,21	6.573,75	131.474,96	
	12. 2100. 0100. 0.	Af.cms.Eirón,Maroñas,Antes,Corzón,Beba	87.226,49	4.590,87	91.817,36	
		TOTAL	212.127,70	11.164,62	223.292,32	
MELIDE	12. 2100. 0101. 0.	Acond.viais Golán,Santalla, Agrón e ou.	135.145,26	7.112,91	142.258,17	Acreditación da obtención da autorización da C. de Medio Ambiente
		TOTAL	135.145,26	7.112,91	142.258,17	
MESIA	12. 2100. 0102. 0.	Rede auga en Mesía (Cabruí), fase II	90.308,37	4.753,08	95.061,45	
		TOTAL	90.308,37	4.753,08	95.061,45	
MIÑO	12. 2100. 0103. 0.	Pav.Callobre,Perbes,Bemantes,Carantoña e ou.	78.445,62	4.128,72	82.574,34	
		TOTAL	78.445,62	4.128,72	82.574,34	
MOECHE	12. 2100. 0104. 0.	Camiño Piscina - Vigo (San Xurxo)	59.412,85	3.127,00	62.539,85	
	12. 2100. 0105. 0.	Camiño de Blas a xeneral de Somozas e ou.	41.901,16	2.205,33	44.106,49	
		TOTAL	101.314,01	5.332,33	106.646,34	
MONFERO	12. 2100. 0106. 0.	Aglom.cm. estr.xral. a Vilarboi (San Fiz)	40.183,78	2.114,94	42.298,72	
	12. 2100. 0107. 0.	Mell. capa de rodadura cmños. en San Fiz	56.078,48	2.951,50	59.029,98	
	12. 2100. 0108. 0.	Mell. rodadura cmños.Queixeiro e Vilacha	40.680,02	2.141,06	42.821,08	
	12. 2100. 0109. 0.	Mell. rodadura Alto Xestoso e Val Xestoso	53.236,54	2.801,93	56.038,47	
		TOTAL	190.178,82	10.009,43	200.188,25	
MUGARDOS	12. 2100. 0110. 0.	Sep. nº 7:ab.auga a Franza, O Seixo e ou	70.724,75	4.275,26	75.000,01	

	12. 2100. 0111. 0.	Mell.san.augas fec. e pluv.r/Xesteira	38.949,00	2.050,99	40.999,99	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0112. 0.	Pav. Trav. de Pedreira e Trav.Peteiro	32.513,75	1.711,25	34.225,00	
		TOTAL	142.187,50	8.037,50	150.225,00	
MUXÍA	12. 2100. 0113. 0.	Acond. acceso e cmñs. interiores Amear	74.307,70	4.743,04	79.050,74	
	12. 2100. 0114. 0.	Pavimentación camiños interiores Oruxo	38.792,80	2.476,13	41.268,93	
	12. 2100. 0115. 0.	Acond. prolongación rúa Atalaia (Muxía)	68.602,30	4.378,87	72.981,17	
	12. 2100. 0116. 0.	Acond. pistas rurais Santirso-Buiturón	38.513,17	2.458,29	40.971,46	
	12. 2100. 0117. 0.	Mell.,acond.cms.Vilastose, Buiturón,Prado	28.961,64	1.848,62	30.810,26	
	12. 2100. 0118. 0.	Mell.ilumin. Pedriña,Lourido,Morquintán,Loalo	28.733,88	11.029,74	39.763,62	
		TOTAL	277.911,49	26.934,69	304.846,18	
MUROS	12. 2100. 0119. 0.	Acond.,mell. area instalacións campo fútbol	87.654,42	4.613,40	92.267,82	
	12. 2100. 0120. 0.	Camiño da Piel, parroquia de Tal	78.866,70	4.150,88	83.017,58	
		TOTAL	166.521,12	8.764,28	175.285,40	
NARON	12. 2100. 0121. 0.	Pav. cmñs. de Esperón e Vilallonte	86.463,30	8.324,61	94.787,91	
	12. 2100. 0122. 0.	Pav.Salgueiral,r/Luis Amado,R. Miño,O Picho	69.245,92	6.666,93	75.912,85	
	12. 2100. 0123. 0.	Rep.rod.Tortos, Bustelo, Chao e Río Vello	81.137,94	7.811,89	88.949,83	
	12. 2100. 0124. 0.	Pav.cms.Vilacornelle,Carballedas,Pradado e Redondo	86.185,29	8.297,84	94.483,13	
	12. 2100. 0125. 0.	Pav.cms.Igrexa-A Gándara,Lagoela (Sedes)	73.295,61	7.056,83	80.352,44	
	12. 2100. 0126. 0.	Rep. accesos Loureiros, Hermida e Congostras (Pedroso)	85.679,81	8.249,17	93.928,98	
	12. 2100. 0127. 0.	Acond.acc.Chousa,Feal,Vacariza, Berruga	77.802,84	7.490,78	85.293,62	
	12. 2100. 0128. 0.	Ilumin. púb. Foxo, Martianes e Pedregal	33.218,42	3.198,24	36.416,66	
		TOTAL	593.029,13	57.096,29	650.125,42	
NEDA	12. 2100. 0129. 0.	Pav.cmñs.Anca,Viladonelle,Lotedo, Roxal e Cubeluda	55.425,21	4.564,47	59.989,68	
		TOTAL	55.425,21	4.564,47	59.989,68	
NEGREIRA	12. 2100. 0130. 0.	Pav.Cobas,Vilar Xallas,Broño,Pedra Arada e ou.	124.570,25	6.556,33	131.126,58	
		TOTAL	124.570,25	6.556,33	131.126,58	

NOIA	12. 2100. 0131. 0.	Mell.abast.san. barrio de Bergondo (Noia)	268.372,72	35.660,88	304.033,60	
	TOTAL		268.372,72	35.660,88	304.033,60	
OLEIROS	12. 2100. 0132. 0.	Renov.,obras compl.r/Pilar Estévez Diéguez (Nós)	145.590,04	7.790,82	153.380,86	
	12. 2100. 0133. 0.	Renov.cald. e valv.dep. Monteo de Sino	53.145,79	2.843,94	55.989,73	
	TOTAL		198.735,83	10.634,76	209.370,59	
ORDES	12. 2100. 0134. 0.	Reforma piscina municipal	55.029,46	2.896,29	57.925,75	
	12. 2100. 0135. 0.	Cm. Souto-Zas-Ponte Guindiboo (Pereira)	28.614,00	1.506,00	30.120,00	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0136. 0.	Pav. aldea de Ceidón (Ordes)	135.420,55	7.127,40	142.547,95	
	TOTAL		219.064,01	11.529,69	230.593,70	
OROSO	12. 2100. 0137. 0.	Senda peonil núcleo de Baxoia	62.305,34	19.555,22	81.860,56	Acreditación da obtención da autorización da D.X. de Patrimonio
	12. 2100. 0138. 0.	Mell. rede v. Gándara,Marzoa,Pasarelos e ou.	59.195,81	18.579,25	77.775,06	
	12. 2100. 0139. 0.	Obras abastecemento auga estr. AC-460	40.844,42	12.819,47	53.663,89	
	12. 2100. 0140. 0.	Rede elec.ilum..de Vilalbarro a N-550,I-F	76.097,91	23.884,16	99.982,07	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
	TOTAL		238.443,48	74.838,10	313.281,58	
ORTIGUEIRA	12. 2100. 0141. 0.	Rexeneración pistas en Espasante e Loiba	50.475,57	2.656,61	53.132,18	
	12. 2100. 0142. 0.	Rex. pistas Devesos, S.Adrian Luhía e ou.	54.154,64	2.850,25	57.004,89	Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia
	12. 2100. 0143. 0.	Melloras bibliot. mpal. Juan Fdez. Latorre	66.442,60	3.496,98	69.939,58	
	TOTAL		171.072,81	9.003,84	180.076,65	
OUTES	12. 2100. 0144. 0.	Acceso a Ribademar (Tarás) e outros	54.603,73	2.873,89	57.477,62	
Hai dous concellos do BNG que xa están a colaborar, evidentemente o BNG non é contrario á colaboración dos concellos, xa existe marco legal para que os concellos colaboren, por tanto, quede claro que o BNG sempre defenderá a colaboración entre os concellos, e se esa colaboración serve para aforrar e para mellorar a eficiencia, efectivamente, non imos estar en contra de mecanismos de colaboración. Agora, eu creo que esta proposta vai moito máis alá, e ten un transfondo político moito máis amplo.

Nós entendemos, todo o mundo sabe cal é o posicionamento do BNG sobre as deputacións, quedou claro desde o primeiro momento e levámolo manifestando anos. Nós o que vemos aquí é un reforzo do papel das deputacións, un reforzo que nós consideramos innecesario, este tipo de administracións cada vez son máis cuestionadas pola cidadanía. A min paréceme rechamante o que trasladou na súa intervención o portavoz do Grupo Socialista, o fracaso das mancomunidades. A colaboración supramunicipal de servizos xa existe, xa hai mecanismos legais que posibilitan que esa colaboración exista, o que temos que expornos é porqué esa colaboración e eses modelos que están recollidos na lei non contaron coas axudas económicas específicas para que realmente funcionasen, evidentemente é aí onde teríamos que entrar, se cadra non é cuestión de que o modelo non sirva, é cuestión de que o modelo non se financiou. Nós estamos dispostos a apoiar todas as medidas que sirvan para comarcalizar os servizos, pero tamén nos chama poderosamente a atención que, tanto na intervención do portavoz do Grupo Popular, ou na intervención do portavoz do Grupo Socialista se fale de que modelos de administración comarcal que teñen que estar moi ben vixiados e fiscalizados con interventores, con secretarios, para velar que se cumpra a lei e que se cumpra co legalmente establecido, parece que eses mecanismos de control molestan, eu creo que teñen que seguir existindo mecanismos de control, e que na Lei de mancomunidades están perfectamente delimitados.

Hai que dotar dun maior protagonismo aos concellos, efectivamente, e nós propomos que se dote de maior protagonismo aos concellos, de maior financiamento aos concellos, aproveitando o adelgazamento desta administración pública. E tampouco entendemos moi ben, ou perfectamente, temos moitas dúbidas sobre o texto que se nos propón hoxe a aprobación no Pleno, canto a como se articula que, textualmente, un ente informal e virtual poida xestionar, por exemplo, os servizos culturais, deportivos ou sociais que prestan varios concellos, ou como se articularía unha xestión conxunta de recollida de lixo en varios concellos sen existir un estatuto mínimo que fixase a quen lle corresponde a dirección, como se establecen as regras, como se toman as decisións, etc. Por tanto, nós non temos para nada claro este convenio marco, por iso gustaríanos profundar no debate sobre el.

Ademais esta fórmula institucional nin sequera está contemplada na lei, na da administración local de Galicia non, si figura na lei catalá, por exemplo. E no canto de profundar no proceso de comarcalización, ou de facer dunha vez máis operativas as mancomunidades, optamos por unha nova fórmula que vai na dirección contraria. Agora ademais do mapa de fundacións comarcais, do mapa de área sanitaria, do mapa de centros educativos, do mapa dos partidos xudiciais, do mapa das axencias tributarias, do mapa das mancomunidades de concellos, do mapa dos consorcios, do mapa dos parques de bombeiros, imos ter tamén un mapa de comunidades intermunicipais. Ben, se isto é eficiencia, que alguén mo explique.

E chama tamén poderosamente a atención que se esta medida é tan importante, e é tan importante para o partido que a promove, seguramente habería que probala en todo o territorio galego, por que só na provincia da Coruña?, que somos, unha incubadora de proxectos lexislativos? Eu creo que temos que ser algo máis serios que todo isto.

E entrando xa no contido da iniciativa, hai que destacar que non figura por ningunha parte nin na proposta de acordo, nin no texto do convenio marco, algo que si debería de estar claro desde o principio, como se inicia o expediente?, a proposta de quen?, de que forma?, non queda para nada claro. O BNG entende que o inicio do expediente se leve a cabo mediante un acordo plenario de cada un dos concellos que promoven a comunidade no que manifesten a súa vontade de constituír a comunidade intermunicipal de servizos consorciados. Consideramos que se debería de seguir o mesmo procedemento que se indica no artigo 138 da Lei da administración local de Galicia.

Por tanto, creemos que está verde o texto que se nos propón, e gustaríanos que houbo un debate moito máis profundo sobre este texto. Ademais, pensa o goberno da Deputación Provincial da Coruña que o persoal de que dispón o Servizo de Asistencia a Municipios é necesario para esta ambiciosa colaboración da Deputación provincial cos concellos da provincia da Coruña?, Pensouse ampliar o persoal do Servizo de Asistencia a Municipios para lograr este obxectivo?, que previsións se teñen respecto diso?, non coñecemos nada destes datos. Por tanto, xa que se rexeita a nosa proposta de suspender isto ata clarificar máis o texto e o marco que se nos propón a debate, nós, mentres non se clarifique moito máis este asunto, imos estar en contra, e ademais,

efectivamente, tomamos a palabra do Sr. Presidente e nós si imos propor cuestións nos debates que se fagan no ámbito da comisión político-técnica que acabamos de aprobar no último Pleno, eu creo que aí hai un bo foro para que cada un manifeste a súa posición, en cuestións imos ser coincidentes, en cuestións non, evidentemente na colaboración que signifique eficiencia e unha maior coordinación dos concellos o BNG vai ser concordante con calquera das propostas que se formulen, nos modelos, seguramente non, pero gustaríanos ter un ámbito para propolo, pero xa digo, todas estas dúbidas que eu acabo de trasladar seguen aquí, ninguén nolas explicou convenientemente. É unha aprobación inicial, si, pero xa hai modelos para mellorar a eficiencia e a coordinación, e seguramente os modelos pasan por dotar de máis recursos económicos ás mancomunidades de municipios, non son as mancomunidades as que fracasan por ser mancomunidades, son mancomunidades que fracasan porque non estiveron dotadas dos recursos económicos suficientes para que triunfasen.

Sr. Presidente

Eu convíddolle á lectura profunda do documento, onde seguro que atopará respostas, ou gran parte das respostas ás preguntas que vostede facía, de todos os xeitos, como hai ese tempo para presentar alegacións, esperamos as alegacións do seu Grupo para poder debatelas e, en todo caso, ser incluídas. De todos os xeitos, xa lle vou a adiantar que no Consello de Ministros que se está celebrando, moi ao seu pesar, e do seu grupo político, o papel das deputacións sairá reforzado, é algo que non lle gusta, eu sei, e está no fondo deste posicionamento, pero para iso está a democracia e para iso están as votacións.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMERO.- Aprobar con carácter provisional o texto do **CONVENIO MARCO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ..., ..., E ..., PARA A REGULACIÓN DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL ... DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS.**

SEGUNDO.- Expoñelo ao público por un prazo de trinta día hábiles mediante un anuncio indicativo que se publicará no taboleiro de anuncios, na páxina web. www.dicoruna.es e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Unha vez transcorrido o devandito prazo e recibidas e estudadas as alegacións e suxestións que se reciban, que se volva presentar ante o Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva.”

CONVENIO MARCO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ..., ..., E ..., PARA REGULAR A COMUNIDADE INTERMUNICIPAL ... DE SERVIZOS PÚBLICOS CONSORCIADOS.

A Coruña, ... de ... de 2012

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,
D. ..., alcalde-presidente do concello de ...
D. ..., alcalde-presidente do concello de ...
D. ..., alcalde-presidente do concello de ...

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sostibilidade dos servizos públicos.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudarlles aos concellos –especialmente aos pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta dos servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sostibilidade dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos

recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS

Entre ambos os extremos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios (ata un máximo de cinco, de forma xeral) e poboación (ata un máximo de 25.000 habitantes, como cifra orientativa) que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada un dos servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os servizos, e para cada un deles, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos do servizo como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluínte, os servizos que poderían someterse a cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos, asistencia sanitaria, ou asistencia social.

Nesta situación, os municipios limítrofes de xx, xx e xx, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin

compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade dos servizos públicos,

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio marco para a prestación de servizos públicos consorciados, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira. Definición

1. Os concellos de ..., ..., e ..., xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión de servizos públicos consorciados, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.
2. O presente convenio formúlase consonte co disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
3. A comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida de servizos públicos. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, non disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación

1. O presente convenio de servizos públicos consorciados é, ao abeiro da relación xurídica convencional de natureza administrativa, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, que se establece entre os concellos limítrofes de ..., ..., e ..., coa participación da Deputación Provincial da Coruña.
2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.
3. A interpretación das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio marco corresponderlle ao Consello de dirección, logo dos informes previos emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes a fin de exercer de forma conxunta e coordinada as competencias propias que lles corresponden en materia de prestación de servizos públicos.

2. Os servizos concretos que, unha vez realizado pola Deputación, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión (memoria e programa de actuación), sexan aprobados polo Consello de dirección que se regula na base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. Os servizos xestionados conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia na prestación dos servizos, procurárase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da prestación consorciada dos servizos

1. A prestación consorciada de servizos a que se refire o presente convenio marco desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de xx, xx, e xx.

2. A actuación poderá estenderse ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos, asistencia sanitaria e asistencia social.

3. Así mesmo, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local.

Quinta. Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento teña a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Asistencia a Municipios.

Sexta.- Duración

1. Sendo de carácter permanente o fin deste convenio marco, a súa vixencia é indefinida. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de tres anos ou por calquera outro que resulte da memoria e programa de actuación de cada un dos servizos consorciados.

2. Transcorrido o prazo mínimo que resulte de aplicación en cada caso, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a devandita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que se pretenda facer efectiva esta. En tal caso, constituirase a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena. __

Sétima.- Procedemento para a xestión consorciada de cada servizo

1. Para a xestión consorciada de cada servizo público deberá tramitarse un expediente para redactar unha memoria e programa de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes e estado de situación do servizo en cada un dos concellos: forma de xestión, contratos en vigor, medios persoais adscritos, ingresos e gastos presupostarios, medios materiais e instalacións técnicas cun informe sobre o seu estado de conservación e mantemento.
- Delimitación e alcance das prestacións que se han realizar concretadas nun proxecto de regulamento do servizo.
- Estudo económico-financiero, no que se fixen os custos unitarios das prestacións en cada un dos concellos e forma de financialas (taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas o prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas que ha realizar persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión do servizo (directa, indirecta, mixta, con prestacións accesorias externalizadas), mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión consorciada de cada servizo, a aprobación da memoria e programa de actuación, así como do regulamento do servizo e, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos, que deberán tramitarse consonte co seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da memoria e programa de actuación por cada un dos concellos, así como do regulamento e das ordenanzas fiscal ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por un prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.

- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión do servizo que se teña determinado, e aprobación definitiva do regulamento e, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte co disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que a Deputación propoña a xestión do servizo, deberá adoptarse o acordo de delegación por cada un dos concellos e a posterior aceptación pola Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.1 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión do servizo ten que engadirse a relativa á xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento

1. A xestión consorciada dos servizos estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio marco e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. O citado órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles o alcalde ou concelleiro no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, o presidente poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña en algún asunto determinado.

3. A Presidencia do órgano recaerá no titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das dietas e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a Corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao Servizo de Asistencia a Municipios, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear ao presidente que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a prestación de servizos públicos consorciados.
- c) Aprobar inicialmente e propor ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio marco e a proposta inicial da memoria, programa de actuación e convenios

específicos dos servizos consorciados, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.

- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación dos servizos consorciados, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse na prestación dos servizos consorciados.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio marco.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima. Distribución de votos e adopción de acordos

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.
2. Na ponderación de votos, os concellos partícipes contarán co 90 por cento e a Deputación corresponderalle o dez por cento restante.
3. A atribución dos votos que lle correspondan a cada concello efectuarase no momento da constitución ou da incorporación dun novo membro, atendendo aos elementos de poboación, criterio polo que se distribuirá o 75% dos votos que lle correspondan á participación municipal e superficie, criterio polo que se distribuirá o 25 por cento restante.

Décimo primeira. Réxime de sesións

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña o presidente ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, o presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.
3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións do presidente

Correspóndelle ao presidente exercer as seguintes atribucións

- a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio marco.
- b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión dos servizos consorciados.

c) Velar polo cumprimento do convenio marco, dos programas de actuación e dos convenios específicos de servizos públicos consorciados, e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.
2. Subsidiariamente aplicarase a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta. Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación provincial.

Décimo quinta. Recursos humanos e materiais

1. Os cometidos e traballos dos servizos que se consorcien poderán ser realizados, de acordo coa memoria e programa de actuación de cada servizo específico, polo persoal das entidades e administracións integrantes da Comunidade intermunicipal ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.
2. Para a xestión consorciada utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A adhesión de novos membros a este convenio marco

1. A adhesión dun novo concello partícipe deberá solicitarse mediante acordo do Pleno respectivo, adoptado pola maioría absoluta legal dos seus membros, que deberá ser remitido ao Consello de dirección.
2. Recibida a certificación do acordo, a incorporación do concello solicitante requirirá o voto favorable da maioría absoluta dos votos do Consello de dirección.
3. O concello novamente incorporado, así como os que xa estaban integrados con anterioridade, disporán a partir da incorporación do número de votos consonte coa distribución que se establece na base décima.

Décimo sétima.- A separación dalgún membro

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e

demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte aos servizos públicos consorciados ou das normas estatutarias, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á Corporación interesada para que asuma o compromiso incumprido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase a súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo á súa separación definitiva.

Décimo oitava. Modificación e resolución

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio marco poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal o por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades de xestión dos servizos consorciados, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo novena.- Entrada en vigor e aplicación

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio marco, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará os técnicos responsables da elaboración da memoria e plan de actuación dos servizos que pretendan consorciarse, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte co disposto no presente convenio.

11.-INFORME SOBRE A DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A mancomunidad de municipios da área da Coruña remite o acordo da asemblea da mancomunidad, adoptado o 12 de marzo de 2012, polo que se aproba a disolución da mancomunidad, para informe desta Deputación provincial en cumprimento do que dispón o artigo 143.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

Tras o exame da documentación achegada, sen prexuízo do control de legalidade que poida corresponder a outras administracións, elevo ao Pleno da Deputación, logo do ditame previo da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos a seguinte proposta de acordo:

Informar favorablemente a disolución, acordada pola asemblea do 12 de marzo de 2012, da mancomunidade de municipios da área da Coruña, integrada polos Concellos de Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada.”

12.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2012.

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Destacar simplemente en que consiste algún dos modificativos ou das contías de modificación de crédito, de tal forma que está previsto que 1.756.591 euros se dediquen ao Plan de cooperación cos concellos de máis de 20.000 habitantes, completando así a achega provincial, supléntase tamén en 900.000 euros a partida dedicada á promoción de servizos sociais para convenios de atención primaria que posteriormente, se a deputada da área non ten inconveniente podería detallar de forma máis específica en que van consistir algunhas desas accións, inclúense gastos comprometidos de anos anteriores e por unha contía total de 2.538.000 euros, e fundamentalmente o que se pretende é facer unha modificación de crédito por un importe total de 5.869.000 euros.

Sra. Rodríguez Pérez

Un pouco explicar que estes 0,9 millóns de euros que van aquí incluídos neste Expediente de modificación foi froito da coordinación e da colaboración que tivemos desde o departamento de Servizos Sociais desta Deputación coa Xunta de Galicia, concretamente coa Consellería de Traballo e Benestar. Todos sabemos que nos orzamentos xa foron incluídos un millón de euros máis no Plan de convenios, que concretamente era para axuda no fogar básico, e agora estes 0,9 van ser para técnicos e auxiliares administrativos. Isto creo que é importante, a colaboración que mantemos cos concellos pequenos, cos de menos de 20.000 habitantes e, sobre todo, porque estamos a facer cumprir a Lei de administración Local de Galicia, Lei 5/97 e tamén a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, onde di que “As Deputacións provinciais proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias, en materia de servizos sociais comunitarios básicos para aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes”, e por iso creo que esta deputación é pioneira neste plan de convenios, de feito leva desde o ano 96 e con isto creo que os melloramos e os reforzamos. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, aprobase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 2/2012 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe de 5.869.787,37 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	129.319,93
SC. Suplemento créditos:	5.740.467,44
Total de aumentos:	5.869.787,37

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

RX. Remanente de tesourería para gastos xerais:	5.869.787,37
Total financiamento:	5.869.787,37

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	1.054.479,29	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	1.082.500,00	0,00
6. Investimentos reais	634.617,65	0,00
7. Transferencias de capital	3.098.190,43	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	5.869.787,37	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	5.869.787,37
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	5.869.787,37

Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento do disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro e o artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

13.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DE INGRESOS Nº 2/2012.

INTERVENCIONES

Sr. Freire Abeijón

Simplemente aclarar, como ben explicaba o presidente anteriormente, que aínda que cabe a posibilidade de que por parte do Estado se cambie total ou parcialmente o criterio establecido inicialmente, o obxectivo é pór ao dispor dos concellos canto antes estes recursos, por iso con este Expediente de modificación das previsións iniciais o que se fai é darlle cobertura, de tal forma que os concellos dispoñan deste recurso canto antes, e poidan contratar as obras e dispor tamén do gasto corrente canto antes. Nada máis.

Sr. Fernández Moreda

Como se me respondeu na primeira intervención de que era un proxecto de orzamentos que se enviou ao Congreso, pero da tramitación parlamentaria podería haber algunha emenda que supuxese que se incorporasen os 3.023.000 euros que non lle dan á deputación para o tema de cooperación, eu creo que o que podíamos facer, se o compartimos todos, é que o Grupo Popular presente unha emenda no Congreso para que se doten as partidas necesarias para atender a cooperación municipal coas deputacións provinciais, porque é que nos estamos a enganar, porque nós imos presentar unha emenda para pedir isto, pero vostedes teñen a maioría e a única garantía, se está a dúbida de que vai haber ese diñeiro, a única garantía de que o haxa é que o Grupo Popular presente unha emenda, entón solicito que se presente unha emenda para que este diñeiro, que agora nos foi negado, na aprobación definitiva dos orzamentos apareza esa partida e podamos ter tres millóns de euros para destinar a cooperación a maiores cos concellos da provincia.

Sr. Presidente

Moi ben, como sabe vostede, que seguro que coñece a presidentes de deputacións doutras provincias, e que son do seu partido, sabe que temos presentada esa emenda a través da FEMP todas as deputacións, por tanto a Deputación da Coruña ten reclamada esa emenda, ten presentada esa emenda aos orzamentos para poder ser debatida, aí estaremos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Modificar as previsións iniciais de ingresos do presuposto provincial do exercicio 2012 para substituír a achega do Estado destinada a financiar o Plan de obras e

servizos, investimentos (3.023.778,17 €) polos recursos propios que resultan do remanente de tesourería dispoñible para gastos xerais do exercicio 2011.

2º) Na anualidade 2012 o financiamento dos créditos definitivos do PLAN DE OBRAS E SERVICIOS (POS) será a seguinte:

EXPLICACIÓN DO GASTO	APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA	TOTAL	
		FONDOS PROPIOS	CONCELLOS	PRESUPOSTO PROVINCIAL	GASTO
<i>Plan de Obras e Servizos - Gasto corrente</i>	0501/459A/462.01	8.743.202,00	0,00	8.743.202,00	8.743.202,00
<i>Plan de Obras e Servizos - Investimentos</i>	0501/459A/762.01	15.456.662,00	509.473,68	15.456.662,00	15.966.135,68
TOTAIS		24.199.864,03	509.473,68	24.199.864,00	24.709.337,68

3º) Dispoñer a exposición ao público do expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de posibles reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real decreto 500/1990.

Se transcrito o dito prazo no se formulan reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º) O resumo por capítulos do estado de ingresos deste expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo á súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.”

14.-CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATORIA RELATIVA AOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar provisionalmente os estados demostrativos da xestión recadatoria de recursos dos concellos e outras entidades de dereito público que teñen delegada a xestión recadatoria nesta Deputación provincial, correspondentes ao exercicio 2011, que se resume no anexo.

Dar traslado dos devanditos estados ás respectivas entidades públicas titulares dos recursos para que, no prazo de quince días hábiles desde a súa recepción, formulen as alegacións que estimen oportunas. De non formulárense alegacións por algunha destas entidades entenderanse definitivamente aprobados os correspondentes estados demostrativos.”

15.-APROBAR A FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO EDIFICIO PARA IMPLANTACIÓN DE MERCADO PROVISIONAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO EDIFICIO PARA IMPLANTACION DE MERCADO PROVISIONAL, cunha achega provincial de 140.000 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento de 35,734 % do orzamento total de gastos), que se aboarán de conformidade coa cláusula VI do texto de convenio e con cargo á aplicación orzamentaria 0202/431A/762.01.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE MERCADO PROVISIONAL

A Coruña,

na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Gabriel Torrente Piñeiro, alcalde-presidente do Concello de Pontedeume

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Pontedeume ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume con CIF P1507000F, para financiar a obra de acondicionamento do mercado provisional, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por Don Pedro Villoldo Mazo, colexiado N° 8.102.

O Concello de Pontedeume, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que sexan necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desglósase co seguinte detalle:

P. E.M:	281.787,95
GASTOS XERAIS	36.632,43
BENEFICIO INDUSTRIAL	16.907,28
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	60.358,98
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	395.686,64 euros

Con todo e tras un estudo posterior, debe eliminarse do orzamento, por non seren conceptos subvencionables: o proxecto e legalización de instalación eléctrica (1.039,50 euros), a legalización de instalación de fontanería (808,50 euros) e a legalización da instalación de telecomunicacións (930,51 euros). O que supón un importe de 2.778,51 euros que se han descontar do P.E.M., polo que resulta un orzamento de licitación de 391.785,06 euros co que queda o coeficiente de financiamento nun 35,734 %.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 140.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 35,734 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 35,734 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/431A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Pontedeume o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Pontedeume axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Pontedeume estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Pontedeume pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

a) Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

b) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

c) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

d) O Concello de Pontedeume estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

a) Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director

b) Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

c) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

d) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

e) Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

f) Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Pontedeume, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de cinco anos.

g) Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Pontedeume na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Pontedeume terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Pontedeume deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Pontedeume para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Pontedeume da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Pontedeume deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Pontedeume destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Pontedeume poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Pontedeume queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao

pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 euros.

5. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Pontedeume serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Pontedeume será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o un de outubro de dous mil once e conservará a súa vixencia ata o dez de novembro de 2012.

2. Logo da solicitude previa do Concello de Pontedeume, realizada polo menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Pontedeume, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
xx do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PONTEDEUME

Diego Calvo Pouso

Gabriel Torrente Piñeiro

16.-ADXUDICAR MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS A XESTIÓN DO TEATRO COLÓN NA MODALIDADE DE CONCESIÓN.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

De acordo coa nosa posición de voto en todo o proceso sobre o modelo de xestión do Teatro Colón, simplemente por iso imos votar en contra deste punto.

Sr. Presidente

Antes de pasar á votación, gustaríame dicir algo, primeiro agradecer a postura do Bloque Nacionalista Galego, con base nesa coherencia, efectivamente, e facer unha mención a determinadas noticias que saíron nun momento determinado nalgún medio de comunicación, e quero agradecer tanto ao Bloque Nacionalista Galego como ao Partido Socialista, primeiro que non entrasen nesa discusión, porque se algo está fóra de dúbida nesta casa, desde hai moitos anos, é a limpeza e a transparencia con que se levou a cabo o proceso de contratación sempre nesta casa, e quero aproveitar este momento para dar as grazas publicamente a todos sen excluír a ninguén, todos os funcionarios desta casa que participaron, tanto na mesa técnica como na Mesa de contratación, e que velaron porque o prego aprobado por esta Corporación, cos votos en contra dun grupo porque non compartían o modelo de xestión, quero agradecer que ese prego fora, desde logo, levado da mellor maneira posible, que se valorase da mellor maneira posible, tanto técnica como economicamente, e resultado dese prego aprobado por esta Corporación prodúcese esta adxudicación que traemos hoxe a este Pleno.

Por tanto, o agradecemento a todos estes traballadores desta casa, a todos os que participaron nas mesas, a todos os técnicos, polo seu traballo, pola súa dedicación, e que fan posible que esta sexa unha institución representativa nese sentido. Dito isto, creo que é suficiente, pasamos á votación desta adxudicación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE).

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade cos informes da Comisión Técnica e a proposta da Mesa de Contratación PROCEDE

Adxudicar á empresa EULEN, S.A.-GESTION DE ESPACIOS, CULTURALES Y DE OCIO, S.A. E UNAHORAMENOS PRODUCCIONES, S.L. UTE o contrato para a xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión, por ser a oferta máis vantaxosa, e obter maior puntuación aplicando os criterios técnicos e económicos establecidos no prego, conforme a súa oferta que é a seguinte

CONTA DE RESULTADOS PARA UNHA ANUALIDADE		
	DEBE	HABER
1. Ingresos da actividade propia		722.467,29
a) Venda de entradas		393.23 0,00
b) Achega da Deputación		254.23 7,29
c) Ingresos por patrocinios e colaboracións		50.00 0,00
d) Rendas por cesións de espazos		25.00 0,00
2. Custo da programación	398.585,88	
a) Gastos por actividade propia	0	168.300,0
b) Arrendamentos e canons		
c) Transportes, montaxes e embalaxes	0	24.496,0
d) Publicidade, propaganda e relacións públicas	0	111.600,0
e) Outros servizos	8	92.189,8
3. Outros ingresos da actividade		
a) Arrendamentos de local a terceiros		
b) Outros ingresos		
4. Gastos de persoal		
a) Soldos salarios e similares		
b) Cargas sociais		
c) Provisións		

5. Outros gastos da actividade	289.200,00	
a) Servizos exteriores	0	278.400,0
b) Tributos	0	10.800,0
c) Outros gastos de xestión corrente		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5)		34.681,41

6.Ingresos financeiros		
-------------------------------	--	--

7.Gastos financeiros		
-----------------------------	--	--

B) RESULTADO FINANCIERO (6+7)		
--------------------------------------	--	--

C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		34.681,41
---	--	------------------

8.Imposto sobre beneficios		
-----------------------------------	--	--

D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+8)		34.681,41
--	--	------------------

TARIFAS MÁXIMAS			
PATIO DE BUTACAS	PALCOS	PRINCIPAL	BRAZOS
60,00 €	55,00 €	50,00 €	45,00 €"

17.-PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL.

INTERVENCIONS

Sr. Negreira Noya

Bos días, moitas grazas Sr. Presidente. Quero aproveitar esta última intervención miña como deputado para formular dous rogos, ou dous desexos, o primeiro ten un carácter localista, porque os meus veciños non me perdoarían que non o

fixese, e por iso queríalle pedir ao presidente e ao seu equipo que axilicen a transferencia das estradas de Carballo a Santiago e de Santa Comba a Santiago, que sen dúbida están a repercutir estas deficiencias moi negativamente no desenvolvemento do noso concello e de toda a comarca, e por tanto dunha parte importante da provincia da Coruña. Eu creo que os remedios que se prometen a tan longo prazo non serven para curar aos que estamos a morrer hoxe, e iso pásanos no noso concello.

E a segunda xa é unha reflexión máis persoal. No pouco tempo que levo exercendo aquí, a verdade é que non disipei as miñas dúbidas iniciais que traía cando aceptei o posto de deputado sobre a función e utilidade desta institución, e creo sinceramente que neste momento en que todo se está redefinindo, é un momento no que se debería facer un estudo amplo e profundo para tomar as decisións que mellor conveñan a Galicia.

Dito isto, máis nada que teño que despedirme e dicir que foi un auténtico pracer traballar cos meus compañeiros de Grupo e a miña compañeira, e con todos vostedes, e desexarlles a todos persoalmente e politicamente moito éxito. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas, nós tamén lle desexamos todos os éxitos posibles tanto no profesional como no persoal. Votamos entón esta toma de coñecemento da renuncia, declaramos, por tanto, a vacante do deputado provincial e pomos en coñecemento da Administración electoral a vacante existente.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don Antonio Negrera Noya.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

(Abandona o salón a Sra. Hervada Echevarría).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

Moción para o mantemento do servizo de axuda no fogar

Sra. Seixas Naia

Bos días a todos e a todas, é unha moción que pretende profundar, ou ser continuidade da pregunta que fixen na última sesión plenaria respecto do mantemento do servizo de axuda no fogar, por causa da publicación do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, e se me permiten, simplemente léoa.

O goberno do PP na Xunta de Galicia acaba de publicar o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Nel establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar básico soamente financiará as corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde financiará ao traballador social ou traballadora. Desta forma, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, como expresamos o outro día, 83 na provincia da Coruña, van ser excluídos das axudas que ata agora viñan recibindo da Administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortados os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispuña de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP recortounas en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012 o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento do poboado xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén corroborar que o goberno do PP na Xunta se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas achegas como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan individual de atención.

O propio decreto establece que as deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. No entanto, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os de menos de 20.000, o 25% para os de entre 20.000 e 60.000 habitantes e un 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Hai que destacar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrencia é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia, aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou a outra prestación asignada por estar en lista de espera, que hoxe en Galicia supera as 27.000 persoas.

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa pero sen financiamento, onde a Xunta de Galicia abdica das súas competencias para imporlle aos concellos que poñan ao dispor da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custos, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do concello, para facerse cargo deste Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galicia debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade de dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como ocorre coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán en moitos casos o seu emprego, pasando a incrementar as altas taxas de desemprego existentes, que hoxe aínda asustan máis, vendo os últimos datos.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custo do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de forma substancial en case todos os tramos de renda o copago que se ha realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galicia ten a obrigaón de garantir o funcionamento do Servizo Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en risco o sistema.

Por todo iso o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

a) Instar á Xunta de Galicia a manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custo do Servizo de Axuda no Fogar.

E por último derrogar o decreto e negociar outro no marco da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Este é o texto da moción, creo que na sesión anterior ademais xa profundei nunha cuestión de cifras, preocupantes tamén, e por tanto déixoo aquí. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Brevemente, para anunciar que imos votar favorablemente a esta moción. Compartimos a preocupación exposta pola portavoz do BNG, como así xa o puxemos de manifesto en distintas instancias políticas, orgánicas e institucionais por parte do meu partido. Creo que é innegable que vivimos unha crise económica profunda, pero a crise económica non debe de ser o pretexto para arrasar e desmontar uns dereitos sociais conquistados no últimos trinta anos polos cidadáns e para crear graves problemas sociais como se van crear coa aplicación desta norma. Creemos que é necesario manter o financiamento, compartimos a exposición feita pola deputada do BNG e creemos que isto debería de negociarse coa FEGAMP e debería de negociarse coas deputacións, e desde logo non é razoable, nin é tolerable, nin é lexítimo, nin xusto, transferir competencias sen ir acompañadas dos medios económicos e financeiros necesarios para que esas transferencias se poidan executar por outra administración.

Por tanto, Sr. Presidente, recoñecendo a crise, creo que a crise non debe de ser o pretexto para tomar, non medidas económicas, medidas que están sustentadas por unha posición ideolóxica determinada.

Sra. Rodríguez Pérez

Está claro que a crise está aí, e que todo o mundo está a sufrila, e que tentamos que as administracións a sufran o menos posible, e que tamén as familias e todos os usuarios a sufran o menos posible.

Falábase de colaboración coa Deputación, esta Deputación cando elaborou os orzamentos deste ano, loxicamente, foi en colaboración e en coordinación coa Xunta de Galicia, como dixeran no punto anterior, e de feito aumentouse a partida do Plan de convenios de servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes, que son os que máis necesidade e máis axuda precisan, aumentouse en preto de dous millóns de euros, precisamente un millón de euros para axuda a domicilio, para Axuda no Fogar Básico, porque entendemos que é un servizo moi, moi importante, un dos máis

importantes que se presta desde os concellos, é este 0,9 que veu hoxe á modificación de crédito.

Creo que o labor das deputacións é importante, de feito este decreto creo que soamente vén redefinir un pouco as competencias que xa lle veñen impostas pola Lei de servizos sociais e pola administración local. Entón creo que temos os deberes feitos desde esta deputación, de feito con colaboración, con coordinación, non se deixa aos concellos que asuman este custo porque de feito as deputacións, eu falo da que me compete, da que nos compete a todos nós, vaino asumir, e imos seguir colaborando, e penso tamén, e quero desde aquí felicitar tamén a esta Deputación por este Plan de convenios que asinou no ano 96, e que agora vimos reforzar, creo que somos pioneiros na axuda aos concellos de menos de 20.000 habitantes nos servizos sociais comunitarios.

Sra. Seixas Naia

Non me debería corresponder a min falar exactamente disto, pero a nós o portavoz do Partido Popular pasounos unhas emendas á moción, non sei se é que as queren retirar e votar favorablemente ao texto que presentou o BNG, se é así, estupendo.

Sr. Freire Abeijón

Como se nos anticipou por parte do BNG a intención de non aceptar esas emendas, entendemos que ese foi o motivo polo que xa non as expomos, supoño que se agora están en disposición de que se incorporen...

Sr. Presidente

Lémbrolle que as emendas hai que presentalas por escrito, por tanto, aínda que estivese a disposición o Grupo do BNG de aceptalas, xa non estamos en momento de presentar esas emendas, por tanto o que hai que votar a moción tal cal está.

Sr. Freire Abeijón

Aclarar unha serie de cuestións, que entendo que non é certo que a Xunta de Galicia deixe sen subvención para axudas no fogar aos concellos de Galicia, como se recolle nesa moción. O novo decreto establece un cambio no que antes se coñecía como Plan concertado e que busca tamén a axilización do financiamento e dar cumprimento á normativa que establecía a Lei de administración local e a Lei de servizos sociais que ata agora non estaba desenvolvida, e o que se fai nese decreto é definir claramente, no que a atención social se refire, a competencia de cada unha das administracións, e loxicamente darlle un maior protagonismo á Deputación provincial. Articular fórmulas de colaboración, cooperación e corresponsabilidade de todas as administracións, ao exercer as competencias propias, e cabe lembrar que existen dúas modalidades de servizo de axuda no fogar, por unha banda a prestación básica e por outra banda a

dependencia. E co novo decreto a Xunta seguirá subvencionando a axuda no fogar para dependentes de todos os concellos, teñan o número de habitantes que teñan, e ademais axilízase o financiamento destas axudas que pasan a cobrarse de forma trimestral, cando antes se facían de forma anual.

Así pois, o financiamento a partir de agora farase por dúas vías distintas, por unha banda o Servizo de Axuda no Fogar, de dependencia, que é a maior parte do Servizo de Axuda no Fogar, da que tamén hai prestación básica, e que se liquidará, como antes dicía, de forma trimestral, e doutra banda, servizos sociais básicos que ata agora estaban englobados no denominado plan concertado. No propio decreto figura que a Consellería de Traballo e Benestar financiará o servizo de Axuda no Fogar, dependencia, e os traballadores sociais de absolutamente todos os concellos de Galicia e, por suposto, da provincia da Coruña, sendo ademais pioneira esta deputación na colaboración, como ben explicaba a deputada, desde o ano 1996, e deu xa unha serie de pasos e que é digno de mención e loable para todas as distintas corporacións que integraron, desde entón, esta entidade. E a maiores aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes, ou aqueles que se unan para superar este límite de poboación, a Xunta financiaralles o Servizo de Axuda no Fogar Básico e o resto do persoal, e os concellos que queiran optar a esta vía tamén poderán unirse para superar este límite de poboación e accederán nas mesmas condicións a este financiamento que, ademais, ao mesmo tempo, consegue que se potencie a unión de recursos para optimizar os servizos, de tal forma que en absoluto se deixa estes servizos ao financiamento propio dos mesmos concellos e, concretamente, como explicaba a deputada, no caso concreto da provincia da Coruña ademais atópase reforzada mediante a achega deste organismo provincial. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Moi brevemente unha pregunta ou un rogo. Hoxe levantámonos con moi malas noticias económicas, cos datos da EPA situándonos con 365.000 parados máis no ámbito do Estado, e con 64.000 persoas tamén desempregadas, superando xa entre persoas desempregadas e persoas pensionadas en Galicia, que supera xa en 64.000 ás persoas que teñen un emprego. Son datos malos que se completan con outros datos tamén moi malos, como é a rebaixa da cualificación por parte das axencias de cualificación europeas á débeda do Estado, coa prima de risco en 430. Evidentemente, este é o gran problema da sociedade actual, parece que tocamos fondo e estamos a escavar xa, tentamos chegar máis abaixo, son xa 154.000 familias no ámbito do Estado

ás que non lles entra ningún euro nas casas, quero lembrar que nos orzamentos desta administración pública figuraba un millón e medio de euros para un Plan de emprego no ámbito da provincia da Coruña. Como non temos novidades sobre como se está organizando ese Plan de emprego, por unha banda pedimos que se nos adiante que decisións están a tomarse no ámbito dese Plan de emprego, e o que queremos é facer un rogo, e querémolo facer con forza, porque cremos que é necesario impulsar xa ese Plan de emprego, é necesario articular medidas que, polo menos, vaian no obxectivo de crear emprego e darlle solucións laborais ás persoas da provincia da Coruña, e por tanto rogamos que se faga un esforzo en impulsar canto antes ese Plan de emprego provincial que está aprobado a través do proxecto de orzamentos.

Sr. Presidente

Tómolle o rogo, Sr. Regueira, e espero que antes do próximo Pleno podamos ter asinado ese convenio coa Xunta de Galicia, dicirlle que estamos á espera, o convenio está totalmente finalizado, estamos á espera de pór unha data para as catro deputacións de Galicia que loxicamente tiñan esta posibilidade, estamos á espera con algunha deputación e supoño que antes do próximo Pleno esperamos poder levar a cabo ese convenio, asinalo, e por tanto, pór o noso gran de area para ese problema que comparto con vostede.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.